

Capítulo II

ALEMAÑA 1933-1939: A EXCLUSIÓN LEGAL

I.- A Alemaña nazi: unha nación avasalada

O horror dos combates do primeiro conflito mundial quebra a tranquilizadora idea de que existe unha humanidade que se dirixe cara á felicidade guiada pola ciencia. O auxe irracionalista do século XIX ve niso a maneira de contestar aínda máis se cabe os valores herdados das Luces. Así mesmo, a desfeita de 1918 non é percibida como tal en Alemaña. O exército alemán, sen sufrir unha verdadeira desfeita, asina o armisticio do 11 de novembro de 1918 en terra *inimiga*. A isto engádeselle o desclasamento de camadas enteiras da pequena burguesía arruinada pola guerra en que morreron moitos dos seus fillos, oficiais subalternos e suboficiais. Nun país sen tradición democrática e co sentimento nacional asoballado, as clases medias que teñen problemas para integrarse na República parlamentaria atopan estruturas de acubillo no nacionalismo de extrema dereita, nas sociedades secretas e na violencia das gardas de asalto. Entre 1919 e 1924, proliferan gran cantidade de grupúsculos de extrema dereita, a miúdo asasinados sen castigo, que se apoian nos fantasmas da traizón, da vitoria roubada e da ameaza mortal. Neste contexto violento, o réxime republicano de Weimar non se pode beneficiar dun consenso real. Coa volta da crise, entre 1930-1932, a febleza da ancoraxe democrática volve xurdir con todo o seu esplendor fronte o empobrecemento de millóns de alemáns. Volven agromar tanto o nacionalismo como o antisemitismo. E neste lote reméxense o conservadorismo, o nacionalismo frustrado e o resentimento social que o partido nacional socialista se encarga de difundir: propaganda vella no fondo e moderno na forma.

O Partido Obreiro Alemán, creado en 1919 e reestruturado por Adolf Hitler en 1921 en Partido Nacional-Socialista dos Traballadores alemáns (NSDAP), non é moi coñecido até os anos trinta. A crise é a súa beizón. Hitler anova co seu método e ben mirado, tamén co fondo porque o seu nihilismo ultrapasa os temas coñecidos do fascismo italiano, da ideoloxía nacionalista alemá e da corrente *völkisch*; apóiase para iso nas súas cualidades excepcionais de orador, en que o seu populismo é recoñecíbel,

no nacionalismo exacerbado e no antisemitismo, explotando así o vello fondo ideolóxico da revolución conservadora alemá que precedeu á Primeira Guerra Mundial. Tamén se aproveita do delicado consenso democrático que reina en Alemaña, así como das xenreiras intestinas da esquerda alemá e concretamente da actitude do partido comunista. En fin, Hitler tamén prospera no medio do desarraigo nacido das correntes de miseria que abriu a crise económica procedente dos Estados Unidos.

O nacional-socialismo (abreviado en “nazismo”) é antes que nada un tipo de racismo que ten no antisemitismo o seu principio esencial. Paralelamente, tamén é unha ideoloxía antidemocrática e antimarxista, nacionalista e panxermanista que se expande nunha sociedade marcada por un intenso desfase entre a modernidade económica e o arcaísmo político. De aí que o nazismo sexa unha mestura de modernidade e de rexeitamento da modernidade: modernidade do darwinismo social e da antroposocioloxía e rexeitamento da modernidade da ideoloxía *völkisch* (a tradición, a terra, o sol, a natureza, contra a cidade, os cartos, os xudeus...). Este “modernismo reaccionario”¹⁸ cristaliza as súas pulsións destrutoras na alteridade xudía que a emancipación nacida das Luces deixou pervivir. Pero o antisemitismo nazi tamén ten a función de reconciliar unha corrente de pensamento conservadora coa industria e as tecnoloxías modernas. Permítelle dicir “si” á cidade, á industria, e ao capitalismo, pero a unha cidade, a unha industria e a un capitalismo depurado de xudeus, isto é, *judenrein*. Dito doutro xeito, o rexeitamento da modernidade “de trazos xudeus”, permite a aceptación da tecnoloxía “aria” e a reconciliación coa forma técnica do mundo moderno.

Aínda que o antisemitismo vai máis aló da persoa de Adolf Hitler, a xudeufobia do líder nazi merece, con todo, que nos deteñamos un pouco máis nela, porque esta constitúe o centro da súa visión do mundo. O primeiro programa do NSDAP (24 de febreiro de 1920) retíralles aos xudeus a cidadanía alemá (punto catro), colócaos baixo a lexislación dos estranxeiros (punto cinco), córtalles o acceso ao emprego público (punto seis) e expulsa a aqueles que entraron en Alemaña despois do día 2 de agosto de 1914 (punto oito). Coa aparición de *Mein Kampf* en 1925, multiplícanse as misións milenaristas de catástrofe ligadas á presenza xudía no mundo. Neste libro, radicalízase tanto o ton como o contido do discurso antisemita. O seu vocabulario, empréstito do antisemitismo do século XIX, está marcado pola parasitoloxía porque o xudeu é : “un verme no corpo en putrefacción”, “unha pestilencia peor ca peste negra”, “un portador de bacilos da peor caste”, “o parasito no corpo dos demais pobos”¹⁹, etc. O antisemitismo de Hitler forma un delirio coherente pero de escasa

¹⁸ Jeffrey Herf, *Reactionary Modernism. Technology, Culture and Politics in Weimar and the Third Reich*, Cambridge University Press, 1984.

¹⁹ E. Jäckel, *Hitler idéologue*, Calmann-Lévy, 1973, reedición Gallimard-Tel, 1995.

orixinalidade, marcado pola guerra e a desfeita de 1918. O seu pensamento céntrase arredor do complot e da ameaza de aniquilación procedente dos xudeus: de aí que as medidas antixudías se presenten sempre como preventivas. De aí que máis tarde, mesmo durante o proceso de aniquilación do pobo xudeu, se produza a presenza simultánea do delirio de triunfo sobre as vítimas e a angustia de seren aniquilados polos mesmos a quen se está exterminando.

O antisemitismo persoal²⁰ de Hitler é o espello que agrava unha doenza social que afectou a unha boa parte da sociedade europea de comezos de século. Tales delirios non terían máis ca un interese mínimo se estes non se amparasen da dirección dun Estado moderno. A evolución da política antisemita obriga a tomar en consideración todos estes textos. En *Mein Kampf*, Hitler vencella a política racial e a política estranxeira. Dezaioito anos máis tarde, en 1942, a política racial e a política estranxeira do Reich acadan o seu apoxeo²¹ a un tempo.

Nas eleccións lexislativas de setembro de 1932, o NSDAP pasa de doce a cento sete deputados. Nas eleccións presidenciais de abril de 1932, Hitler recada co seu nome once millóns trescentos mil votos (dezanove millóns para o mariscal Hindenburg que resulta reelixido). Nas eleccións lexislativas de xullo de 1932, o NSDAP obtén 37,4 % dos votos. Aconsellado polo político von Papen, Hindenburg chama a Hitler para que tome posesión da Chancelería o 30 de xaneiro de 1933. Apoiouno unha parte do pobo alemán, pero non toda Alemaña, nin todas as elites intelectuais e económicas cuxa febleza política pesou tanto no éxito de Hitler como a determinante enerxía demostrada polos militantes nazis. Sobre Alemaña cae a ditadura absoluta en menos de seis meses. As eleccións lexislativas anticipadas (5 de marzo de 1933), que se desenvolveron nun clima de terror, permitiulle ao NSDAP obter un 44 % dos sufraxios e douscentos oitenta e oito deputados sobre un total de seiscentos corenta. Hitler, secundado polo apoio do *Zentrum* e dos nacionalistas alemáns, obtén plenos poderes para un período de catro anos, que comeza o día 23 de marzo de 1933. Dende o 28 de febreiro de 1933 e tomando como pretexto o incendio do Reichstag, o estado de excepción convértese nunha norma. Prohíbese o partido comunista e arrestan a catro mil dirixentes desa formación, que entran en Dachau, o primeiro campo de concentración aberto cerca de Múnic, a finais de marzo de 1933.

²⁰ Cómpre “conxurar o enigma da insignificancia dun home relacionado co carácter cataclísmico da súa acción” (F. Furet, *Le passé d’une illusion*, Laffont/Calmann-Lévy, 1995, p. 222).

²¹ Así, o 24 de febreiro de 1942: “A miña profecía hase de cumprir, non vai ser a humanidade a que sexa aniquilada por esta guerra senón o Xudeu. Sexa o que sexa o que resulte do combate, sexa cal for a súa duración, o resultado final ha ser iso.” Hitler confirma que a destrución dos xudeus foi o eixe do seu combate no seu testamento político escrito na véspera do seu suicidio, o 29 de abril de 1945: “Emprazo ao goberno da nación e ao partido para que asuman como unha obriga o cumprimento escrupuloso das leis raciais e da resistencia despiadada contra o xudaísmo internacional, envelenador mundial de todos os pobos.”

A nazificación de Alemaña pasa por unha purga en condicións de todas as administracións públicas e polo control da xustiza e dos funcionarios. Axúdase cunha política omnipresente (*Gestapo*, creada en abril de 1933) operando nun estado que a partir de agora ha ser centralizado. A nazificación do país tamén pasa polo control das almas (Hitler obtén o refrendo da igrexa protestante e da católica), pola militarización da mocidade, pola “depuración” do ensino e tamén pola purga da cultura que se torna en propaganda.

O sistema baséase no terror, efectivo e ameazador, e sobre todo, no campo de concentración, ábreanse tres campos en 1936 que abranguen case todo o territorio. O de Dachau elixido como modelo, o de Orianenburg preto de Berlín e os de Emsland preto da fronteira holandesa. En xullo de 1934 fúndase a inspección de campos que terá a súa sede a partir de 1938 en Orianenburg-Sachsenhausen onde se atopa tamén a WVHA (*Wirtschafts- und Verwaltungshauptamt*, Oficina central da administración e da economía da SS, á cabeza da cal se atopa Oswald Pohl). En 1939, esta oficina controla seis campos principais onde están detidas máis de vinte e unha mil persoas (agosto de 1939): Dachau, Orianenburg-Sachsenhausen, Buchenwald, aberto en 1937, Flossenbürg aberto en 1938, Mauthausen aberto en Austria en 1938, e finalmente, Ravensbrück, un campo de mulleres aberto en 1939; non incluimos nesta enumeración os campos satélites e os *kommandos*²².

Para concluír, a maneira que ten o novo estado para absorber o paro é preparar Alemaña para a guerra (en 1939 a metade do orzamento da nación dedícase aos gastos militares) a través dunha política de grandes obras públicas, aínda que para iso teña que pagar o prezo dunha regresión social considerábel.

O poder lexislativo perde a capacidade de desenvolver os seus fins no período de 1933-1934 e o gabinete do Reich deixa de funcionar en 1938. O poder repousa case exclusivamente no “carisma” do Führer. Na práctica, isto conduce a unha “organización desordenada” na que coexisten burocracias que se fan a competencia entre si. O nazismo evolúe a hitlerismo²³: por enriba desta poligarquía, “a visión do mundo” de Adolf Hitler desempeña un papel clave na definición da política xeral do Reich e, a este respecto, a “cuestión xudía” e a do espazo vital (*lebensraum*) ocupan un lugar central. A visión obsesiva dun mundo hostil e a busca sen fin da pureza racial fan da política do III Reich unha “biocracia” en xestación.

²² O sistema dos KL (iniciais alemás do termo “campos de concentración”) vai proliferar coa guerra: hai vinte e un campos principais en 1943, e vinte e un mil catrocentos internados en agosto de 1939, o número de presos vai aumentar a cento quince mil en agosto de 1942, a cincocentos vinte e catro mil en agosto de 1944 (dos cales un 10 % son detidos alemáns), e a setecentos catorce mil en xaneiro de 1945.

²³ Crf. K. D. Bracher, *Hitler et la dictature allemande*, Complexe, 1995 (1ª edición alemá, 1969).

II.- A exclusión: 1933-1939

Para o nacional-socialismo, a teoría racial é o medio para transformar o mundo social. A antropoloxía alemá, que se construíra arredor de 1860, fixera da raza o determinante principal do social e do cultural²⁴. Medio século máis tarde, o movemento eugenésico alemán de base racial xa dispón dun asento teórico importante e as súas ideas son compartidas por unha parte da sociedade. O nazismo outórgalle ao eugenismo alemán o aparato lexislativo que precisa aprobando, o 14 de xullo de 1933, a política de esterilización forzada. Vai afectar a máis de trescentas cincuenta mil persoas que entran na cualificación de “doentes hereditarios” e “criminais irrecuperábeis e perigosos”. A “comunidade científica” (psiquiatras e antropólogos) acepta estas medidas de forma unánime.

Tendo en conta estas fases, podemos tratar agora as Leis de Nuremberg e inscribilas no marco dunha evolución intelectual que soborda o nacional-socialismo. Neste escenario tamén cómpre situar as lexislacións de exclusión que se van acumulando dende 1936 (as relativas aos “asociais”) que conflúen na “eutanasia” dos doentes mentais irrecuperábeis practicada nas clínicas alemás entre 1935 e 1938. Séguelle despois o programa “T4” (*cfr. infra*) e a política racial de exterminio do pobo xudeu. O segundo conflito mundial, inaugurado en Europa en setembro de 1939, levántalle a moral de forma brutal a esta biocracia e ofrécelle un campo de experimentación case ilimitado.

Todo apunta a pensar que nun principio non se contemplou de entrada o asasinato en masa. Até a guerra, a política nazi oríentase cara á exclusión principalmente e a situar os xudeus fóra da lei. A persecución legal, salferida con bafaradas de violencia física e humillacións varias, coñece tres etapas ben diferenciadas. En 1933 derrógase a igualdade legal dos xudeus como cidadáns. Os xudeus son excluídos da función pública, da vida cultural e van ver cómo se lles prohiben pouco a pouco moitas profesións (nomeadamente as liberais). Isto supón a “morte civil”. A segunda etapa, que se pode situar en 1935 coas Leis de Nuremberg (*cfr. infra*), separa *fisicamente* os xudeus do resto dos alemáns. E isto supón a “morte política”. A terceira fase conclúe en 1938 coa aplicación dunha serie de medidas de tipo económico que culmina coa segregación e o empobrecemento dos xudeus: e isto supón a “morte económica”.

Mentres isto se produce en Alemaña e en Austria, onde os xudeus son identificados, clasificados, fichados e situados fóra da lei común antes de *setembro de 1939*, o mundo occidental protesta²⁵ pero non actúa. Deste

²⁴ É o que tamén proclama na mesma época ou pouco despois a escola francesa que se constitúe arredor de Vacher de Lapouge, Soury, Le Bon...

²⁵ Case non hai boicot comercial até novembro de 1938.

abandono case total dos xudeus á súa sorte, Hitler conclúe prudentemente que, chegado o momento, ha poder ir máis lonxe.

Os funcionarios xudeus alemáns perden a súa condición a partir de abril de 1933. No mesmo ano, os avogados xudeus son dados de baixa nos seus colexios. En xullo de 1938, os médicos xudeus teñen que solicitar autorización para o exercicio da súa profesión e restrinxir a súa práctica a unha clientela exclusivamente xudía. Practícase a grande escala a expropiación legal da comunidade xudía (“arianización”). Para iso definiuse previamente e polo miúdo qué era o que se entendía por “empresa xudía” qué cumpría “arianizar”: pode ser aquela na que exista un propietario xudeu aínda que só conte con un xudeu no seu consello de administración ou ben aquela na que exista un xudeu que posúa máis do 25 % do capital ou menos de 50 % dos votos. O 14 de xuño de 1938, o ministro do Interior, Frick inaugura o proceso de “arianización forzosa” que lle permite vender a crédito as empresas xudías ás clases medias alemás pasando previamente pola transferencia desas empresas ao Estado que as paga mediante bonos do Tesouro Público. Isto é dabondo para consolidar o asentamento social do réxime. O antisemitismo satisfai deste xeito os intereses económicos dunha parte da poboación de forma inmediata e concreta, coma se se tratase dun substituto da política social que anos antes o nazismo lles tiña prometido ás clases medias e populares.

A política de “arianización” acelerouse en 1938 en medio da preparación da guerra. O decreto do 26 de abril de 1938 prescribía que os xudeus declarasen todos os seus bens. Göring, delegado do “Plano cuadrienal” dispoño “conforme ás necesidades da economía alemá”. De abril a novembro de 1938, os servizos do Reich reteñen dous dos sete mil millóns de marcos do total de “bens xudeus” declarados en nome dos intereses da economía alemá. Despois da *Anschluss*²⁶ (anexión), en Viena a “arianización” adopta unha forma inmediata e salvaxe que se tornará no modelo a seguir noutras rexións do Reich e, máis tarde, na Europa ocupada: os propietarios xudeus de apartamentos²⁷ son expulsados sen ningunha compensación e sen realoxamento. Dende abril de 1939, o inquilino xudeu é desposuído de todos os dereitos con respecto ao seu propietario. No eido do transporte, aplícaselles a mesma política de esganamento: en decembro de 1938, retíraselles o carné de conducir aos xudeus.

En materia económica, as empresas xudías e os traballadores xudeus autónomos teñen que deixar de traballar antes do 31 de decembro de 1938.

²⁶ As reaccións da poboación xudía á *Anschluss* están marcadas polo desespero: nas dúas últimas semanas de 1938 calcúlanse douscentos vinte suicidas. E a política levada a cabo na *Ostmark* (nome de Austria no Reich Hitleriano), extremadamente brutal, confirma todos os temores.

²⁷ Pertencían a propietarios xudeus setenta mil apartamentos, é dicir, un 10 % das vivendas en Viena; máis có número de vivendas sociais construídas pola “Viena vermella” entre 1919 e 1933 (sesenta e catro mil). O antisemitismo como substituto da política social...

No mes de novembro, tiveran que pechar as tendas que traballaban ao detalle, e o 3 de decembro déuselle a orde aos propietarios xudeus de venderen os bens que lles quedaban. O traballo xudeu xa non tiña ningunha protección social. Deste xeito aplicóuselles aos xudeus unha política salarial específica²⁸.

Colle peso a idea de que cómpre “marcar” aos xudeus para recoñecelos. En xaneiro de 1938, anuláanse todas as modificacións que se realizaron no rexistro civil antes de xaneiro de 1933. En agosto de 1938, todo xudeu estaba obrigado a engadirlle “Israel” ao nome propio no caso dos homes, e “Sara” no caso das mulleres. O réxime ditou dúas mil disposicións e decretos antixudeus en doce anos só no territorio do Reich.

A exclusión política: as Leis de Nuremberg, 1935.-

En 1933, o sistema xurídico ao servizo do nazismo tenta definir “o xudeu”. Tendo como único criterio a relixión, o nazismo non recoñece máis ca os “non-arios” nun primeiro momento. Unha definición que resulta insuficiente para os fins da exclusión, por iso Hitler ordenoulles aos xuristas e aos especialistas da “cuestión xudía” que preparasen o decreto que levará por título “Lei para a protección do sangue e do honor alemáns” no transcurso do Congreso do partido nacional-socialista de setembro de 1935 en Nuremberg. O decreto foi redactado en dous días para posteriormente ser aprobado o día 15 de setembro de 1935. O xudeu defínese polos seus ascendentes (“ter tres avós xudeus polo menos”), logo a lei precisa que como non pertence á “raza aria” (o “sangue e a terra”) non pode ser cidadán. Deste xeito, as Leis de Nuremberg separan os cidadáns do Estado (os xudeus) dos cidadáns do Reich (co resto dos alemáns). Estas medidas lexislativas son a primeira manifestación do racismo “de razón” que Hitler arelaba en 1919.

Prohibíronse os casamentos e as relacións sexuais entre xudeu e non-xudeu : estas relacións cualificáronse como “manchas” e caen baixo a denominación de “crimes de profanación racial”. Os xudeus non eran cidadáns do Reich (é dicir, cidadáns “de sangue”) polo tanto non tiñan dereito a luciren as cores alemás. En fin, a lei distingue os “xudeus plenos”, situados fóra da nación, dos “xudeus parciais” para os que se pon en marcha un inextricábel sarillo lexislativo.

²⁸ A partir de 1940, os xudeus son excluídos da política social: vacacións pagadas, axudas familiares, asistencia para organizar os funerais, indemnizacións por accidentes de traballo, baixas por enfermidade e pensións de xubilación.

III.- O abandono: dende a conferencia de Evian á “Noite de Cristal”

1. A Conferencia de Evian: xullo de 1938.- O contexto europeo é daquela amplamente xenófobo e nalgúns casos antisemita. A Francia do Fronte popular crea unha subsecretaría de Estado para a inmigración en 1937, restrinxe a lei de asilo en 1938 e en xaneiro de 1939, abre en Rieucros (Lozère) un campo de concentración para “estranxeiros indesexábeis”. Estados Unidos non amplía os seus quíñóns de inmigración e acolle menos refuxiados ca Francia; en Europa Oriental, Polonia manifesta en canto pode o seu desexo de librarse dos seus xudeus.

Para responder á cuestión dos refuxiados convócase en Evian (Francia) unha conferencia internacional, entre o 6 e o 15 de xullo de 1938, na que participan trinta e dous estados (despois de que Suíza eludise o asunto). Hai ausencias significativas: a URSS, Checoslovaquia e Italia non están representadas mentres que Hungría, Romanía e Polonia só envían uns “observadores” malia contaren coas comunidades xudías máis numerosas.

Da conferencia resulta a creación dun “comité intergubernamental para os refuxiados” con sede en Londres ao que se lle encomenda unha “misión de exploración” perante as autoridades alemás. Ante a falla dun lugar de asilo, ante a falla dunha apertura real das fronteiras e ante a falla de vontade por atopar unha solución, o comunicado final conclúe que ninguén lle discute a Alemaña a soberanía respecto dos seus nacionais. Un memorando do goberno francés dirixido ao ministro de Asuntos Exteriores do Reich en outubro de 1938, precisa que “ningún dos Estados lle discute ao goberno alemán o dereito absoluto que ten para tomar medidas verbo dalgún dos seus nacionais, medidas que son da súa competencia en tanto en canto as realiza no marco do exercicio da súa soberanía”.

Unha sondaxe realizada polo Instituto Gallup a finais de 1938 traduce este clima xeral. Perante a pregunta: “vostede aceptaría que os Estados Unidos lles abrisen as súas portas aos refuxiados europeos con máis largueza?” un 87 % das persoas preguntadas responden que non, un 5 % contesta que si e un 8 % non sabe ou non contesta²⁹.

Suíza fécalle a fronteira aos refuxiados xudeus en marzo de 1939. A tarefa para identificar os xudeus resultaba fácil porque Alemaña, dende un ano antes, marcaba os pasaportes do candidato ao exilio cun carimbo ben grande e ben visíbel no que se lía *XUDEU*. “O mundo semella que está dividido en dúas partes: os lugares nos que os xudeus non poden vivir e os lugares aos que non poden entrar” declaraba en 1936, Haïm Weizmann, destacado dirixente do movemento sionista. O episodio do barco *Saint-Louis* no ano trinta e nove ilustra este abandono: transportaba uns centos de

²⁹ Citado por R. Thalmann en *Dix Leçons sur le nazisme*, Complexe, p. 221.

refuxiados xudeus procedentes de Alemaña e como non atopaba ningún porto de acollida nin ningún país do mundo que estivese disposto a recibilos³⁰ vese na obriga de desembarcar en Anveres...

En medio deste abandono xeral das nacións, a Axencia Xudía, “executivo” do movemento sionista, tenta negociar co poder nazi a saída dun certo número de xudeus alemáns. O acordo asínase en agosto de 1933 e denominarase *haavara* que en hebreo significa “transferencia”. O convenio permite que entren en Palestina sesenta mil xudeus³¹; aquí non se bota a conta do que se perde co espolio ao que son sometidos eses xudeus e os seus bens nin que se mellora o balanço das exportacións alemás. Este negocio entre sionistas e nazis continua até 1939, aínda que suscita violentas polémicas e illa o *Yishuv*³² no seo do mundo xudeu no que atinxe á actitude que cómpre adoptar fronte o nazismo.

2. A “Noite de Cristal” en Alemaña e en Austria³³.

O día 7 de novembro de 1938, Goebbels percibe o sinal e o pretexto para un xigantesco pogrom co asasinato en París do conselleiro da embaixada alemá Von Rath³⁴, cometido por un mozo xudeu polaco refuxiado de Alemaña chamado Hershl Grynspan³⁵.

Ao día seguinte, o xornal do partido nazi *Völkischer Beobachter* facíalles un chamamento aos seus dirixentes para que organizasen reunións antisemitas en todo o Reich. Von Rath morre mentres se celebraba en Múnic a tradicional conmemoración nazi do 9 de novembro. Hitler abandona o lugar sen pronunciar o discurso esperado. Daquela, Goebbels pronuncia unha violenta diatriba antisemita: é o sinal do pogrom que se debía perpetrar sen que o NSDAP aparecese en primeiro plano e polo tanto, non fose sinalado como o incitador. Entre os pogromistas³⁶ están en primeira ringleira axentes provocadores, axudados polos xefes do partido e polas organizacións nazis (entre as cales se atopaban as mocidades Hitlerianas e os SA aos que axiña se lles xuntan as SS).

³⁰ O *Joint Distribution Committee* solicitoulle á Axencia Xudía que lles cedese aos refuxiados certificados de inmigración sobre a cota da que dispoñía (restrinxida, en verdade, polo poder británico). A Axencia rexéitao.

³¹ Entre 1933 e 1939.

³² Comunidade xudía en Palestina antes da independencia do Estado de Israel.

³³ En marzo de 1938, coa *Anschluss* un total de cento oitenta e cinco mil xudeus pasan a estar baixo o control do Reich.

³⁴ Von Rath morre das súas feridas o 9 de novembro de 1938.

³⁵ Grynspan, de 17 anos, quixo reaccionar aos sufrimentos que o poder nazi lle infrinxía á súa familia. O 30 de outubro anterior, o goberno alemán expulsara a quince mil xudeus polacos (deixándolles levar unicamente unha maleta e dez marcos a cada un...) de volta a Polonia, que non quería saber nada deles. Estes expulsados, abandonados por todos, quedaron en *terra de ninguén* entre os dous países.

³⁶ A “Noite de Cristal” non é a primeira manifestación de agresión aberta contra os xudeus, contrariamente á idea recibida máis estendida. Durante o verán de 1938, as sinagogas de Múnic, Nuremberg e Dortmund foran dinamitadas.

Dende a noite do nove de novembro ao serán do día dez, os agresores bótanse ao asalto das sinagogas (rouban, saquean e incendian duascentas sesenta e sete), das casas da comunidade, das institucións xudías que aínda se matíñan en pé e incluso dos lugares privados (rouban en casas e apartamentos e destrúen setenta e cinco mil tendas).

Asasinan a case un cento de xudeus, varios centos resultan gravemente feridos e violan mulleres malia a prohibición racial, en fin, desencadéase o sadismo. Os nenos xudeus son expulsados dos orfanatos. Arrestan a trinta mil homes, dos cales once mil son enviados a Dachau e preto de dez mil, a Buchenwald: é o primeiro internamento masivo de xudeus debido a súa condición³⁷. En Austria o pogrom aínda é máis brutal ca no “antigo Reich “: destrúense corenta e dúas sinagogas, asasinan a vinte e sete xudeus e un cento resulta gravemente ferido. Arrestan a seis mil cincocentas persoas, a meirande parte das cales se envía a Dachau.

Para “reparar os danos”, a comunidade xudía é condenada a pagar unha multa de mil millóns de marcos (catrocentos millóns de dólares ao cambio oficial) que se deducen dos sete mil millóns en bens xudeus bloqueados dende 1938. Os nazis bautizan o pogrom como “Noite de Cristal” (polas toneladas de cristais rotos); foi tolerado co silencio occidental (o fracaso da conferencia de Evián, *cfr. supra*), pero suscita tanto en Europa como nos Estados Unidos indignación e abatemento, aínda que non modifique nin unha miga as políticas de inmigración a prol dos refuxiados xudeus.

A ausencia de ordes formais e o desencadeamento da violencia poden ofrecer a falsa impresión de que se tratou dun motín espontáneo, de feito, a meirande parte da poboación reproba esa violencia e a miúdo resulta impresionada³⁸. Pero hai poucas voces que se ergan para denunciálo, as igrexas por exemplo, non realizan ningunha protesta pública.

O réxime nazi decídese a non seguir por esta vía cando se conciencia da repercusión nacional e internacional do acontecemento. Así, a “Noite de Cristal” anuncia a escuridade do proceso legal, burocrático e discreto que ha ser a “solución Final”.

Sen embrago, a “Noite de Cristal” provoca unha reacción querida polo poder dende 1933, a saber, a expulsión. Foxen de Alemaña, entre 1933 e 1938, cento cincuenta mil xudeus (dos cincocentos mil censados en 1933), deste xeito chegado 1939, xa emigrara preto da metade da comunidade xudía ...

³⁷ Destes trinta mil internos, de idades comprendidas entre os dezaseis e os oitenta anos, van perecer uns dous mil das sevicias sufridas durante os meses seguintes.

³⁸ Un documento das SS de Austria rexistra inmediatamente despois dos feitos: “O coñecemento en detalle destas agresións tivo unha mala influencia sobre o ambiente xeral. Deste xeito, a boa acollida que inicialmente se lle reservou á acción foise cuestionando logo progresivamente” (citado en G. Botz, *La politique nazie d'extermination*, op. Cit., p. 217).

Despois das primeiras persecucións emigran trinta e sete mil xudeus. Entre 1934 e 1937, rexístranse arredor de vinte e cinco mil saídas anuais: a metade destes exiliados refúxianse en Europa Occidental (en Francia sobre todo) e un cuarto atopa asilo en Palestina. A política de emigración que preconiza o Reich acelérase coa *Anschluss* en marzo de 1938. No mes de abril créase en Viena o centro de emigración xudía, á fronte do cal se atopa o axudante-xefe SS Adolf Eichmann, quen en seis meses organiza a semi-expulsión de preto de corenta e cinco mil xudeus, isto é, un cuarto da comunidade³⁹. A consigna é “provocar a saída”. Despois da “Noite de Cristal”, Hitler confíalle a Göring a responsabilidade da “cuestión xudía”. Éste encárgalle a Frick, ministro de Interior, o 24 de xaneiro de 1939, que “organice por todos os medios posíbeis a emigración dos xudeus fóra de Alemaña”. O mes de xaneiro dese mesmo ano, fúndase en Berlín unha oficina similar á de Viena, a “Oficina central para a emigración dos xudeus” que ha ser dirixida por Heydrich, xefe da policía de seguridade.

Co terror reinante, despois da “Noite de Cristal”, aceléranse as saídas e así, entre 1938 e 1939, abandonan Alemaña cento vinte mil xudeus.

³⁹ A día 30 de novembro de 1939 abandonan Austria máis de cento vinte e seis mil xudeus (de cento noventa e un mil). No transcurso da guerra, aínda conseguen emigrar uns vinte e tres mil cincocentos.